

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 25 de outubro de 2013
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e cinco de outubro do ano dous mil trece, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día dezoito de outubro de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións:

2.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS CORRESPONDENTE Ó CURSO 2014.- Á vista da proposta formulada pola Dirección da Escola, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, en exercicio da competencia atribuída polo artigo 3.1 da dita ordenanza, así como da delegación conferida polo Pleno da Deputación mediante acordo do 27 de xullo de 2012 (BOP n.º 189, do 18 de agosto de 2012) para a fixación dos prezos públicos da Escola, **adopta** o seguinte **acordo**:

1) Aproba-la programación anual da Escola de Artes e Oficios para o curso 2014, co seguinte contido:

a) Accións formativas que se desenvolverán:

- Debuxo e iniciación á pintura (unifica debuxo artístico e debuxo para pintura)
- Perfeccionamento en pintura.
- Talla de madeira.
- Modelado.
- Oleiría e esmalte de cerámica (unifica as anteriores oleiría e esmalte).

b) Calendario dos cursos: do día 2 de xaneiro de 2014 ó 30 de xuño de 2014.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 25 de outubro de 2013
--

- Impartiranse ata 3 horas de docencia diarias de cada disciplina en días hábiles, e en horarios que fixará a Dirección da Escola.
- Cada disciplina contará cun profesor específico, cun total de cinco (5) profesores.
- En función da matrícula efectivamente existente, a Dirección poderá organiza-lo contido de cada disciplina nos grupos e horarios que se estimen máis convenientes.
- A impartición dos cursos levarase a cabo nas aulas da Escola de Artes e Oficios utilizando os medios materiais dispoñibles.

Non obstante o anterior, o material de traballo de cada alumno (pintura, lenzos, molduras, etc.) será por conta deste. Como excepción, no curso de oleiría, esmalte e modelado, a Deputación adquiriralle o barro a un distribuídor e cobrarallo ó alumno a prezo de custo. Sen prexuízo de que este poidan adquirilo pola súa conta, se así o desexan.

c) Prazo e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.

O prazo de inscrición será do 1 ó 29 de novembro, ambos inclusive. A inscrición realizarase no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” no modelo normalizado dispoñible nas ditas oficinas e esixirá o ingreso de matrícula anual establecida.

A presentación do formulario de inscrición coa acreditación do pago de matrícula permitirá entender automaticamente realizada esta.

d) Normas de permanencia en disciplinas.

Os alumnos non poderán permanecer nunha disciplina máis de cinco (5) anos. Pasado este período, enténdese acadado o seu nivel formativo e deberán matricularse nunha disciplina distinta ou deixa-la Escola. En Pintura, o paso de iniciación a perfeccionamento pode ser antes dos cinco (5) anos, trala autorización previa do director e informe favorable do profesor titular.

Para aplicación desta norma, teranse en conta os cursos realizados nos exercicios precedentes.

e) Prezos públicos pola participación en accións formativas.

- Matrícula anual por disciplina: 40,00 €
- Abono mensual por disciplina: 10,00 €/mes por alumno, excepto no mes de xaneiro, que queda exento do pago do abono mensual.

A matrícula debe ser pagada no momento da inscrición, constituíndo requisito previo imprescindible para a súa efectividade.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 25 de outubro de 2013
--

O pago da cota mensual deberase de efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días de cada mes. A falta de pagamento dará lugar de forma automática á suspensión do dereito de asistencia ó curso, que se manterá ate que se realice o referido pago.

Os prezos públicos indicados incluíranse co IVE correspondente.

- Bonificacións: En tódolos prezos públicos aplicaráselles unha bonificación do 100% ós alumnos que teñan a condición de desempregados ou que formen parte dunha unidade familiar na que os dous proxenitores se atopen en situación legal de desemprego. A acreditación da condición de desempregado realizarase mediante certificación expedida polo Servizo Público de Emprego.

Ó abeiro do establecido no artigo 4.1.c) da Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios, establécese unha bonificación do 100% tanto na matrícula anual como no abono mensual, en tódalas disciplinas para as persoas con síndrome de Down e persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ó 33%. Para o acceso á dita bonificación, os interesados deberán acredita-lo seu grao de discapacidade.

2) Ordena-la publicación no BOP do presente acordo, para xeral coñecemento.

3) Do presente acordo, adoptado por razóns de urxencia, ante a necesidade de proceder á aprobación da programación de modo que permita a apertura do período de matrícula antes do inicio do curso, daráselle conta á Comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, na primeira sesión que teña lugar.

3.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

4.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e vinte minutos, do referenciado día vinte e cinco de outubro do ano dous mil trece, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,